

## Lingua e literatura galegas. Enquisa inicial

1. Escolle os proxectos (mínimo 3, máximo 6) que máis che interesaría realizar este curso na clase de lingua.

- Guía para evitar titulares que pretenden captarnos
- Apadriñamento lector (escolla, lectura e tertulia)
- Rehabilitación dun espazo público (textos e ilustracións en muros)
- Exercer de guías dun espazo de interese (ruta dos muíños de Riamonte...) ou sinalizalo con paneis
- Reportaxe para difundir entidades sociais e as súas causas
- Realización de obradoiros ou feiras para outro alumnado
- Desenvolver campaña de promoción de proxectos alternativos (banca ética, comercio xusto...) ou organizar charlas, mesa redonda...
- Propostas de mellora lingüística aos locais e asociacións
- Organización de cafés tertulia multiculturais
- Produción de materiais didácticos para outros contextos educativos
- Colaboración nas accións de igualdade de xénero
- Organización e presentación dun ciclo de cinema de contido social

2. Indica cal ou cales deses proxectos enunciados antes non queredes facer [Se non respondes, enténdese que non desbotas ningún]

3. Que entidades das seguintes coñeces e valoras positivamente?

AGARESO, SEIDON, AELG, ASOCIACIÓN VIORNEIRA – PALMIRA – BULEBAR,  
AMES POSPETRÓLEO, ARCEA – ADAMES, NAIF, MEDRANDO A PAR

4. Que necesidades ou oportunidades hai ao noso redor que che gustaría atender? Poden ter que ver con sensibilizar a cidadanía sobre algún tema, colaborar con organizacións de desenvolvemento, atender o patrimonio cultural do contorno, conservar ou mellorar o medio, axudar as persoas que pasan dificultades, ensinar o que sabemos...

5. Que podemos facer ou ofrecer para atender o que indicaches? Que accións podemos levar a cabo? Con quen poderíamos colaborar?

6. Que tipo de textos poderíamos producir que che resultasen interesantes?

7. Que xéneros dos seguintes (do teu curso) che parece ben practicar neste curso? Sinala varios ou mesmo todos.

1º ESO: noticia, presentación, mensaxe electrónica, nota, carta, norma, instrución, entrada enciclopédica, glosario, descrición, narración, exposición

2º ESO: crónica, reportaxe, documental, debate, coloquio, diario, carta, aviso, solicitude, norma, regra de xogos, web, entrada enciclopédica, glosario, foro, cuestionario, informe

8. Que xéneros dos anteriores cres que debemos desatender, pola razón que sexa (porque xa están moi traballados, porque non son interesantes...) [Se non respondes, enténdese que non desbotas ningún]

9. Indica varios temas que che gustaría que tivesen presenza na aula a través dos textos (por exemplo, a situación económica, os deportes...).
10. Traballaches algunha vez con proxectos, investigando, facendo borradores, revisando os textos?
11. O feito de non seguir a orde das unidades do libro de texto, cres que pode crearche problemas?
12. Dispós de computador ou tableta con conexión a internet na casa?
13. Tes móbil? Tráelo -normalmente- ao instituto?
14. Cita os dous últimos libros lidos en galego.